

Código do documento	Código do expediente
USG13I009C	USG/2019/34
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6H1A 5Q4A 4B6N 5D34 0DE2	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 18 DE MARZO DE 2019.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D.ª Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta minutos do día dezaioito de marzo do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Mª Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 11 DE MARZO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día once de marzo de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 11 de marzo de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde do 28 de febreiro de 2019, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, pola que se autoriza o cambio de denominación específica do CEIP de Culleredo, do concello de Culleredo. DOG núm. 50 do 12-03-2019.
- Resolución do 26 de febreiro de 2019, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva e en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2019, no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas. DOG núm. 50 do 12-03-2019.
- Orde do 26 de febreiro de 2019, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a

adjudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. DOG núm. 54 do 18-03-2019.

- Anuncio do 8 de marzo de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación inicial do orzamento xeral para o exercicio económico de 2019. BOP núm. 50 do 13-03-2019.
- Anuncio do 8 de marzo de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á resolución da concelleira delegada de Seguridade Cidadá, Recursos Humanos e Réxime Interior do 24 de xaneiro de 2019, na que se resolve a substitución de L.P.G. como secretaria titular da comisión de valoración do proceso selectivo convocado para a formación dunha lista de substitución de pedagogo/a (persoal funcionario interino) e a K.D.A. como secretaria suplente da citada Comisión de valoración e designación como secretaria titular a P.M.P.N., secretaria xeral do Concello de Culleredo, e como suplente a persoa que ocupe a Secretaría de xeito accidental. BOP núm. 50 do 13-03-2019.
- Anuncio do 8 de marzo de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á resolución da concelleira delegada de Seguridade Cidadá, Recursos Humanos e Réxime Interior do 24 de xaneiro de 2019, e de corrección de erros do 4 de febreiro de 2019, que resolve a substitución de K.D.A. como secretaria titular da Comisión de valoración do proceso selectivo convocado para a formación dunha lista de substitución de educador/a social (persoal funcionario interino) e a L.P.G. como secretaria suplente da citada Comisión de valoración e designación como secretaria titular a P.M.P.N., secretaria xeral do Concello de Culleredo, e como suplente a persoa que ocupe a Secretaría de xeito accidental. BOP núm. 50 do 13-03-2019.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da Concellería delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
06/03/19	355	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	T. S. B.	Dúas horas á semana (agás festivos).
06/03/19	356	Conceder o Xantar na casa.	M. M. A. e J. M. E.	Sete días á semana.

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
26/02/2019	327	Concesión de axuda económica.	J.M.V.C.	Pago de recibos de auga, correspondentes o 4º	

Código do documento	Código do expediente
USG131009C	USG/2019/34
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 6H1A 5Q4A 4B6N 5D34 0DE2	

C.I.F. P-1503100-H

				trimestre de 2018, e 1º, 2º e 3º trimestre de 2019. Pago de recibos de electricidade correspondentes aos meses de outubro de 2018 a outubro de 2019.	
27/02/19	330	Concesión de axuda económica.	C.L.M.S.	Pago de aluguer correspondente aos meses de decembro (220 €) de 2018, xaneiro (220 €), marzo (220 €) e parte de abril (195 €) de 2019.	1075€
06/03/19	357	Conceder unha axuda económica.	M. R. V. G.	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro (400 €), febreiro (400 €) e marzo (275,68 €) de 2019.	1.075,68 €
06/03/2019	361	Autorización, disposición, recoñecemento e orden do pago.	E.L.B.	Pago do recibo de gas correspondente ao mes de outubro de 2018 por importe de 258 €, o recibo de auga correspondente ao segundo (46,69 €), terceiro (53,66 €) e cuarto (58,18 €) trimestre de 2018 e os recibos de electricidade correspondente ao período que vai do 19 de abril ao 17 de decembro de 2018 (129,95 €)	
6/03/2019	362	Autorización, disposición, recoñecemento e orden do pago.	M.S.D.N.M.	Pago de parte do recibo de electricidade correspondente ao período do 1 ao 13 de agosto de 2018.	60,64€

****SUBVENCIONS SOLICITADAS:**

Data da resolución	Nº resolución	OBXECTO	IMPORTE	ORGANISMO
07/03/19	364	Solicitar axudas do Programa de apoio aos CIM e aceptar expresamente as condicións	25.060,40 €	Secretaría Xeral da Igualdade.

Código do documento	Código do expediente
USG131009C	USG/2019/34
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 6H1A 5Q4A 4B6N 5D34 0DE2	

C.I.F. P-1503100-H

		<p>de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.</p> <p>Solicitar axuda do PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN, INFORMACIÓN E DIFUSIÓN SOBRE IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES e aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.</p> <p>Designar para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade para aspectos relacionados coa tramitación do expediente a: Xefa de sección de atención especializada.</p> <p>Financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade para a súa completa realización.</p>	8.000 €	
--	--	--	---------	--

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:

PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACION SOCIAL

*****Dinamización social :***

Dende o proxecto de saídas para o coñecemento e posta en valor da cultura popular, o próximo domingo 24 de marzo, tense programada unha excursión a **Festa do queixo de Friol e de pan de Ousá (Lugo)**.

A saída dos autobuses será ás 9,00 horas, un desde Castelo e outro desde Boedo con paradas nas demais parroquias. Tralo paseo polo mercado, o xantar está reservado en Melide onde despois de tomar un menu de sopa de cocido e laconada, haberá con música en vivo para bailar.

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS ESPECIFICOS:

AREA DE SANIDADE:

*****Fomento da solidariedade en saúde***

A Asociación Alcer Coruña, en colaboración co Concello de Culleredo, puxo unha mesa informativa no aeroporto de Alvedro con motivo do Día Mundial do Ril, 14 de marzo. O obxectivo é o de fomentar a doazón de órganos e tecidos e concienciar sobre os hábitos saudables que protexen os nosos riles."

Código do documento	Código do expediente
USG131009C	USG/2019/34
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6H1A 5Q4A 4B6N 5D34 0DE2	

2.2.2.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

EDUCACULLEREDO 2018/19

A) ACTIVIDADE: Saúde bucodental.

Programa: Educación para a saúde.
Datas: 20 de marzo.
Horario: ás 9:00 h e as 12:00 h.
Colexios participantes: CEIP Sofía Casanova.
Curso: 1º de EP.
Nº participantes: 56.
Lugar: Aulas.

B) ACTIVIDADE: Radio interxeracional.

Programa: Educación para os medios.
Datas: 21 de marzo (6ª sesión).
Horario: de 09:50 a 11:30 h.
Centros participantes: CEIP Vila de Rutis.
Curso: 3º- 4º EP.
Nº participantes: 16 + persoas maiores colaboradoras.
Lugar: Aula.

C) ACTIVIDADE: A poesía das árbores.

Programa: Educación ambiental.
Datas: 21 e 22 de marzo.
Horario: de 10:30 a 12:30 h.
Colexios participantes: CEIP Sofía Casanova, CEIP Díaz Pardo, CEIP Ría do Burgo, CEIP Vila de Rutis.
Curso: 3º de EP.
Nº participantes: 183.
Lugar: Xardín botánico e paseo marítimo.

C.I.F. P-1503100-H

ACTIVIDADES CULTURAIS

LUNS 18 DE MARZO

Salón de actos do Conservatorio. 20.00 h:
Concerto didáctico de cello, a cargo de alumnos/as de Joaquín García. Entrada libre.

XOVES 21 DE MARZO

Sala de vídeo do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 a 21.00 h.
Tertulia de Arte: *Estratexias da visibilidade na arte*, coa artista Luisa Valdés.
Entrada libre.

VENRES 22 DE MARZO

Biblioteca “Cardeso Liñares” de Vilaboa. 18.30 h:
Contacontos coa Dragona Ramona. “Especial Día da Muller 8 de marzo”.
A partir de 3 anos. Entrada libre.

VENRES 22 DE MARZO

Salón de Actos do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:
Espectáculo poético *Poeta nena*, con Gabriela González López.
Para nenos/as de 6 a 100 anos.

Código do documento	Código do expediente
USG13I009C	USG/2019/34
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6H1A 5Q4A 4B6N 5D34 0DE2	

Recollida de invitacións dende unha hora antes da función.

VENRES 22 DE MARZO

Aula de Natureza "Juan Lembeye" do Xardín Botánico do Burgo. 20.00 h:

Inauguración da exposición de pintura de María Míguez.

Ata o 20 de abril.

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e un minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H